

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día doce de decembro de dous mil dezaoiito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**16/724 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (1 INCLUIDA NA OPE 2015 E DÚAS INCLUIDAS NA OPE 2016).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 5 de decembro de 2018, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Con data de 10 de febreiro de 2018 o Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou as Bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de Auxiliar Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (1 incluída na OEP 2015 e 2 incluídas na OEP 2016).


De igual xeito, con data do 27 de xullo de 2018 o Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou unha modificación das mencionadas bases.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE celebrada o sete de xullo de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 4/455 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NAS/OS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS TENENTAS/ES DE ALCALDE DELEGADAS/OS DE ÁREA, en cuxa parte dispositiva figura:

‘PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección’.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da



Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** nomear ás seguintes persoas como tribunal cualificador para o acceso en propiedade a tres prazas de Auxiliar Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (1 incluída na OEP 2015 e 2 incluídas na OEP 2016):

**Presidente/a:** D.<sup>a</sup> Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: D. Francisco Rivera Iglesias, Técnico (Adxunto de Servizo) do Concello de Lugo.

**Vogais:**

1.- D. Ráfael Otero Otero, Analista-Programador do Concello de Lugo.

Suplente: D. Angel Víctor Gómez Cereijo, Analista-Programador do Concello de Lugo.

2.- D.<sup>a</sup> Amparo Rubinos Hermida, Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio do Concello de Lugo.

Suplente: D.<sup>a</sup> Carolina Alvarez López, Técnico Medio de Xestión do Concello de Lugo.

3.- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Isabel Ozores Sieira, Licenciada en Dereito do Concello de Lugo.

Suplente: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen Rozas Bello, Técnico Medio (Xefa de Sección) do Concello de Lugo

**Secretario:** D. Justo Díaz Rodriguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo.

Suplente: D.<sup>a</sup> María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**